



[www.oqueleo.com](http://www.oqueleo.com)

© 2009, Marica Campo

© Desta edición:

2019, Santillana Infantil y Juvenil, S. L. e Edicións Obradoiro, S. L.

Entrecercas, 2 - 15705 Santiago de Compostela

Teléfono: 981 55 27 40

ISBN: 978-84-16834-06-8

Depósito legal: M-1074-2017

Printed in Spain - Impreso en España

Terceira edición: novembro de 2019

Máis de 6 edicións publicadas en Obradoiro

Dirección da colección:

Ana María Guerra e Maite Malagón

Editora executiva:

Yolanda Caja

Dirección de arte:

Xosé Crespo e Rosa Marín

Proxecto gráfico:

Fran Ameixeiras, Marisol del Burgo, Rubén Chumillas, Julia Ortega  
e Álvaro Recuenco

Calquera forma de reprodución, distribución,  
comunicación pública ou transformación desta obra  
só pode ser feita coa autorización dos seus titulares,  
agás as excepcións que establece a lei. Contacte con CEDRO  
(Centro Español de Dereitos Reprográficos, [www.cedro.org](http://www.cedro.org))  
se necesita fotocopiar ou escanear algún fragmento desta obra.

# **E Xoel aprendeu a voar**

Marica Campo

Ilustración de cuberta de Laura Pérez

oquele<sub>o</sub>



## Onde coñecemos a Xoel e familia e aparece Merlo Branco

«Que frío tan atroz! Caía a neve e a noite botábase encima. Era o día de Noiteboa. En medio do frío e da escuridade, unha pobre nena pasou pola rúa coa cabeza e cos pés espidiños...». Así comeza un dos contos máis famosos do mundo, *A vendedora de fósforos*. Nós non estamos nunha triste rúa da Dinamarca do século XIX nin imos falar dunha nena pobre. Esta historia comeza nun cálido salón dun comfortable dúplex, na primeira década do século XXI, nunha cidade galega asomada ao mar. Evidentemente, non é Hans Christian Andersen o narrador da historia nin assistiremos á subida ao ceo do protagonista principal, Xoel. Mais habémolo seguir por camiños diferentes aos que andara ata a noite en que, por primeira vez, reparamos nel, un neno apoucado; aínda que el non o sabe. Porque tamén...

... era Noiteboa e estaban os de sempre. Don Santiago, o avó viúvo que vivía nunha casa de campo entregado á súa gran paixón, a aeronáutica. Paco, o pai, profesor de Dereito Civil na universidade. Carme, a nai, médica nunha clínica de urxencias que chegara co tempo xusto de lle axudar a Paco a colocar nas fontes as viandas que este encargara ao restaurante «A ostra dourada». E Xoel.

Xoel, trece anos, xogaba coa PSP, alleo á conversa dos maiores. Tampouco os maiores lle prestaban atención a el. Engulira, sen saborear, o lumbri-gante con compota de tomate, o capón de Vilalba acompañado de castañas, mazás asadas e patacas fritas e agardaba, con impaciencia, pola sobremesa de turróns e outros doces de Nadal. Cando o avó falou baixiño para se referir a el, Xoel finxiu non escoitar, mais descoidou a partida e tivo que ver como perdía a carreira de coches en que estaba embobado.

—Non é demasiado tranquilo este pequeno? Todo me parece que esas maquiññas o teñen un pouco apampado. E esa obesidade...

—Está no límite, papá —apresurouse a aclarar Carme—. Non é un neno obeso, aínda que, se se-

gue así... Estoulle dando voltas á idea de mandalo a un ximnasio dúas veces á semana. Semella que non lle abonda co exercicio que fai no instituto... Se aínda Paco o levase a correr... Pero Paco, xa ves, é un cu pegado ao asento, sexa coche, despacho ou sofá da casa. Tales terras, tales nabos... Sería bo para os dous...

—Xa estamos! —protestou Paco—. Isto de estar casado cunha médica é tremendo. Que se o colesterol, o corazón, os ósos... Amólote eu a ti coas miñas clases de Dereito? Reciteiche algunha vez os artigos do Código Civil?

—Haxa paz! —terzou o avó—. Mais é mágoa que aquí se cumpra aquilo de «en casa do ferreiro, coitelo de pau». Ti mesma tamén...

—Tamén que? —interrompeu Carme excitada.

—Que antes non eras así. Agora andas sempre con tensións, traballas demasiadas horas e non sei para que. Cun fillo só e dous a gañar, non precisabas tanto esforzo —falou don Santiago nun ton conciliador.

Ficaron un anaco en silencio. Falaron despois de Lola, a moza do avó, que fora cear cos fillos porque, malia seren xa independentes, achábana a fal-

tar nunha data así. A don Santiago brillábanlle os ollos cando a nomeaba. Sen dúbida era un home feliz con aquela muller, dez anos máis nova ca el, tamén viúva, que coñecera un día na casa duns amigos. Xoel, xa desinteresado da conversa, volvera ás carreiras da PSP e só se detiña para se embutir de mazapán.

10 O avó despedírase de todos cun bico e marchara, xa cerca das dúas, tras insistir en que os agardaba a comer o día de Reis.

Xoel non podía adormecer. Aqueles peixes de mazapán semellaran cobrar vida. O seu bandullo avultado era un pequeno acuario onde nadaban a bater contra o lumbrigante e o capón de Vilalba. Non quería chamar a nai para que lle dese un remedio. Sabía que antes de todo lle había rifar por ser tan larpeiro. E sabía tamén que o pai tería de levar parte da culpa.

—Tales terras, tales nabos —diría de novo—. Sodes uns comellóns! Non podo vivir tranquila con vós! Calquera día...

—Calquera día que? —respondería o pai alterado. E envolveríanse nunha discusión mentres a el lle seguía a doer o barrigolo.



Así que, despois de dar moitas voltas na cama, Xoel prendeu a luz e dirixiuse ao computador. Miraría o correo. A ver se Eunice lle escribira, tal como lle prometera, unha mensaxe desde o Brasil. Mais Eunice non lle escribira. Había outra mensaxe dun tal Merlo Branco que lle había cambiar a vida aínda que nese momento el nin o sospeitaba.

11

*Xa tes trece anos. É o momento de comezares a vivir cousas de verdade e non aventuras virtuais. A vida é unha aventura irrepetible. Non podes permitir que che pase o tempo en balde, sen rachares os pantalóns e gastares as solas dos zapatos. Non podes ser un rapaz sentado nunha cadeira, a agardar que outros che sirvan a vida en bandexa. Ata o de agora fuches un neno abúlico, queres seguir así?*

Abúlico? Xoel non coñecía a palabra, pero soáballe a insulto dos grandes. Tería que ver co seu peso? Indicaría preguiza? Medo? Acaso gula? Gula non, porque os que comían moito tiñan bulimia e o prefixo *a-* (acababa de estudalo) indicaba negación, falta, ausencia. Aínda así, e facendo verdadeiro o cualificativo, non se molestou en mirar o dicionario. Volveuse deitar e, por fin, adormeceu.

## Merlo Branco ataca de novo. O primeiro sospeitoso

12    Xa deran as doce cando Paco entrou no cuarto.

—Érguete, durmiñón, váiseche xuntar o almorzo co xantar. Como volva túa nai e te atope aínda deitado, vai haber música para os dous.

—Onde está? —preguntou o rapaz espreguizándose.

—Onde ha estar? Na clínica, coma sempre. Nin sequera un día coma hoxe pode estar coa familia.

—Que fariamos se estivese na casa? Non creo que cambiasen moito as cousas. Vós a falar do voso, a discutir, e eu... Por que me espertas? Nin sequera se pode durmir en paz! —estalou nun berro Xoel.

O pai púxose a facerlle cóxegas nunha clara manobra de distracción:

—E terás ti queixas? Es o rapaz máis consentido do mundo. Anda, érguete que a imos agardar e dámoslle unha sorpresa. Despois lévovos a comer

ao «Trasno Larpeiro», ben sei canto che gusta a comida que fan alí.

—Cala, non fales así... Se mamá te oe, di que non dás aprendido.

—Non dou aprendido o que? Que temos que comer menos?

—Ves como non te decatás? O de ir comer fóra seguro que tamén se lle ocorre a ela. A ti non che gusta cociñar e ela non ten tempo. Eu refírome a iso de que nos levas. Mamá sempre di que ti non a levas, que vai ela. E o caso é que a min levádesme os dous e eu teño que vos aturar.

—Pobriño! —dixo Paco antes de saír rosmando—. Estes adolescentes!

O de adolescente si que o entendía. Talvez era iso o que quería dicir a palabra da mensaxe de Merlo Branco. Abu.... Non a recordaba. Non volvera pensar naquilo. Non tivera tempo. Pasara directamente de durmir a espertar de súpeto cos berros e as cóxegas do pai. Se cadra non había tal mensaxe. Se cadra formaba parte do soño que soñara. Un soño ben divertido, lembraba agora. Por iso o amolara tanto que o espertasen. Mais non era quen de recordalo por completo. Só imaxes e sensacións.

Voaba. Era un paxaro, un picapeixe. Mergullábase na auga e saía cun daqueles peixes de maza-pán que tanto o enfastiaran no estómago. Despois xa non. Despois xogaba con eles e guindábaos lonxe. Nadaba. El mesmo era un daqueles peixes. E o Merlo Branco a voar arredor, a lle chiar aquela palabra que agora non lembraba.

14

Ergueuse por fin e, descalzo, sentouse diante do computador. A mensaxe estaba alí coa palabra de marras: abúlico. E ademais outra mensaxe nova. Tampouco esta vez era a de Eunice. Era tamén do Merlo Branco, o misterioso personaxe que reaparecía para continuar con aquela estraña prédica.

*Moito me sorprendería que aínda non leses a miña mensaxe anterior, porque es un rapaz a un computador pegado. Sei que lle quitas horas ao sono sen que os teus pais se decaten. Mírate aí, en pixama, coas guedellas sobre a cara, sen almorzares sequera...*

Xoel botou unha rápida ollada arredor. Se cadra alguén puxera alí unha cámara secreta e estaba a espialo, mais pronto desbotou a idea e continuou coa lectura.

*... Neste preciso instante hai millóns de rapaces e rapazas da túa mesma idade loitando por seguiren vivos. A esta hora exactamente, hai millares e millares de persoas facendo algo construtivo, medindo as súas forzas nalgún proxecto interesante, e ti...*

—Ordia! Xa o teño —pensou Xael en voz alta—, isto é cousa de Paulo.

Paulo, o monitor de actividades extraescolares, estaba empeñado en que os rapaces se apuntasen a un campamento que, dicía, lles había ensinar técnicas de supervivencia no campo e outra morea de cousas ben interesantes. Xael non quería. Sabía que durmir nunha tenda de campaña non era o mesmo ca facelo nun leito mol. Tampouco lle chistaba a idea de pasar uns días sen computador e sen consola. E xa non digamos comer de calquera maneira unha comida mal cociñada. Todo iso lle respondera a Paulo, e Paulo, aparentemente, desistira xa.

E seguiu coa lectura da mensaxe, imaxinando o monitor con máscara de paxaro, a teclear mensaxes para os alumnos pouco dispostos a acampar.

*... e ti a esmorecer como unha verza, a te murchar entre as catro paredes da túa maravillosa casa, sen que che dean vida o ar e mais o sol. Non entendo como os teus pais, tan intelixentes e cultos eles, non se decatan de que tes unha cara de leite fervido que non te lambes...*

16 Xael ergueuse para se mirar no espello e naquel momento entrou o pai:

—Que fas para te duchar e almorzar dunha vez? Díaño de computador! Quen che escribe?

—Paulo, o monitor —respondeu o rapaz dando por certo o que só era unha sospeita e saíndo a escape para o baño.

Mentres Paco, en contra do seu declarado principio de respectar a intimidade da correspondencia, leu e seguiu lendo:

*... Seguramente porque lles é máis cómodo terte así, baixo das ás, coma un pito sen plumas. A liberdade é un risco, pero sen ela ninguén medra e se fai adulto. E ti non te rebelas. Eu queroche axudar a facelo. Queres voar comigo?*

A que se armou! Pero iso aconteceu catorce días máis tarde, cando recomenzaron as clases.